

A CULTURA MATERIAL NUN PAZO LUGUÉS A COMEZOS DO SÉCULO XVII: A CASA DE NOCEDA EN AS NOGAIS¹

Antonio Presedo Garazo*

RESUMO

O estudo da cultura material da nobreza, e máis especificamente da fidalguía, aínda non ten suscitado un claro interese entre os modernistas galegos que se aproximaron a este estamento privilexiado no contexto do Antigo Réxime. No presente traballo propuxémonos valorar o nivel acadado pola cultura material nun pazo lugués, para ser máis exactos, o da Casa de Noceda, sita no actual concello de As Nogais. Tal como se poderá comprobar nas seguintes páxinas, esta residencia dos Ulloa Ribadeneira e Miranda aínda se atopaba en 1623 máis próxima a unha poderosa casa de labranza, que ó característico pazo que veremos xurdir na segunda metade do século XVII, no que a cultura do luxo vai estar cada vez máis e mellor representada na área habitacional do inmovible.

RESUMEN

El estudio de la cultura material, y más específicamente el de la hidalguía, no ha suscitado todavía un claro interés entre los modernistas gallegos que se han aproximado a este estamento privilegiado en el contexto del Antiguo Régimen. En el presente trabajo nos hemos propuesto valorar el nivel alcanzado por la cultura material en un pazo lugués, para ser más exactos, el de la Casa de Noceda, que se halla en el actual ayuntamiento de As Nogais. Tal como se podrá comprobar en las siguientes páginas, esta residencia de los Ulloa Ribadeneira y Miranda todavía se encontraba en 1623 más próxima a una poderosa casa de labranza, que al característico pazo que veremos surgir en la segunda mitad del siglo XVII, en el que la cultura del lujo va a estar cada vez más y mejor representada en el área habitacional del inmueble.

1. AS INVESTIGACIÓNS SOBRE A CULTURA MATERIAL DA NOBREZA EN GALICIA DURANTE O ANTIGO RÉXIME: ESTADO DA CUESTIÓN

Malia que o estudo da nobreza vén suscitando un grande interese entre os historiadores galegos ó longo dos últimos catro lustros, é preciso advertir que a meirande parte

* Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento" (CSIC-XuGa)

¹ Traballo realizado dentro do proxecto de investigación "Los pazos de Galicia: Hidalgos y señores en el Antiguo Régimen" (XGPS 2002-09).

dos resultados obtidos tenden a priorizar unha serie de temas específicos en detrimento doutros ós que, claramente, se relegou a un segundo plano no conxunto desta produción historiográfica². Ben sexa polo auxe que acadaron as análises históricas baseadas no estudo das estruturas socioeconómicas no eido comarcal³, ben debido á influencia da “tese villariana” sobre a propiedade da terra e dos patrimonios fidalgos⁴; as escasas publicacións con que contamos na actualidade para o estudo da cultura nobiliaria na Galicia dos séculos modernos, aínda contrastan co desenvolvemento acadado por outras liñas de investigación no propio ámbito historiográfico galego, sobre todo relacionadas con aspectos económicos e sociais da nobreza⁵, e coas novas liñas de investigación presentes na bibliografía internacional nesta temática específica durante as décadas que nos preceden⁶.

No que atinxe ás investigacións sobre as estruturas socioeconómicas a nivel comarcal, basicamente elaboradas no ámbito do modernismo galego e que poderíamos agrupar baixo o título de monografías comarcais⁷, a nobreza, sempre subdividida entre nobres titulados e fidalgos –ora rurais, ora urbanizados–, nunca semella ser en si mesma o obxecto principal de estudio⁸, senón un axente histórico máis que condiciona e determina –como grupo que é– as relacións sociais, económicas e políticas que se xeran entre os distintos individuos que conviven circunstancialmente nunha mesma comarca, que tamén acostuma a coincidir, ás veces, cunha demarcación xurisdiccional. De aí que, na

² Poden verse unhas consideracións xerais neste mesmo sentido, cun repaso minucioso sobre o estado actual das publicacións galegas relacionadas coa temática nobiliaria, en PRESEDO GARAZO, A.: *Dueños y señores de casas, torres y pazos, 1500-1900 (Contribución al estudio de la hidalguía gallega)*, Santiago, 2001, tese de doutoramento inédita, pp.34-40. Vid. ademais MARTÍNEZ BARBEITO, C.: *Bibliografía gallega de Genealogía y Heráldica*, A Coruña, 1995.

³ Sobre todo, despois da asimilación por parte do modernismo galego dos presupostos teóricos e metodolóxicos da corrente historiográfica francesa coñecida como “Escola dos *Annales*”, protagonizada polo prof. A. Eiras Roel a partir da década dos anos sesenta do século pasado. Vid. DOMÍNGUEZ CASTRO, L. e QUINTANA GARRIDO, X.R.: “Renovación na historiografía española: Antonio Eiras Roel e a recepción do movemento *Annales* en Galicia”, en C. Barros (Ed.): *Historia a debate. Galicia*, Noia, 1995.

⁴ VILLARES PAZ, R.: *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid, 1982.

⁵ Tal como se pode apreciar a partir da bibliografía citada nesta breve reflexión introductoria.

⁶ Algúns títulos moi coñecidos serven para confirmar este presuposto. Entre eles cómpre citar a CONSTANT, J.-M.: *La vie quotidienne de la noblesse française au XVIe-XVIIe siècles*, París, 1985 ; CUNHA, M.S. : *A Casa de Bragança, 1560-1640. Práticas senhoriais e redes clientelares*, Lisboa, 2000; DAVIDOFF, L. & HALL, C.: *Family Fortunes. Men and women of the English middle class, 1750-1850*, Londres, 1994; DEWALD, J.: *The European Nobility, 1400-1800*, Cambridge, 1996; MONTEIRO, N.G.: *O crepúsculo dos grandes. A casa e o patrimonio da aristocracia em Portugal (1750-1832)*, Lisboa, 1998; RIBEIRO, A.: *The Art of Dress. Fashion in England and France, 1750-1820*, New Haven, 1995; e ROCHE, D.: *La culture des apparences. Une histoire du vêtement (XVIIe-XVIIIe siècle)*, París, 1989.

⁷ Un bo repaso ós resultados que se derivan das monografías elaboradas polos modernistas composteláns en DUBERT GARCÍA, I.: “El espacio y los comportamientos sociales en la Galicia rural de la época moderna”, en VV.AA.: *Concepcións espaciais e estratexias territoriais na Historia de Galicia*, Santiago, 1993, pp.139 e ss.

⁸ Motivo polo cal, estes ensaios non acostuman a incluír valoracións sobre os criterios de diferenciación interna tan característicos da nobreza nesta época histórica, polo que resulta difícil establecer os límites entre os fidalgos que debemos considerar rurais en sentido estricto e aqueles outros que tomaron contacto cunha cultura urbana en toda regra. Como moito, tan só se inclúen certos criterios de diferenciación nalgúns destes traballos en relación cos diferentes niveis de riqueza que se detectan entre a hidalguía, pero sen profundizar nas repercusións que tiña este feito no propio artellamento das relacións horizontais, e sobre todo verticais, xurdidas no seo do grupo. Ilustra perfectamente este aspecto, aínda que non se trata dunha monografía comarcal, o traballo de RODRÍGUEZ FERREIRO, H.: “La hidalguía rural del Morrazo en el siglo XVIII: análisis sociológico de un grupo dominante”, en A. Eiras Roel et al.: *La historia de Galicia en sus fuentes de protocolos*, Santiago, 1981, pp.225 e ss.

medida en que se trata dunha temática secundaria, o estamento nobre sexa valorado nestas obras a partir das cuestións máis xerais que se propoñen, tales como a súa participación no control dos medios de produción, así como das distintas instancias de poder que coinciden no ámbito local⁹; pero sen acadar un protagonismo visible no conxunto dos amplos contidos que podemos atopar nelas. O nivel de vida dos nobres, por demais non sempre valorados de xeito individualizado senón como parte integrante dun estamento avantaxado, como moito é obxecto dunhas reflexións xerais que tenden a incidir, máis ben, no seu estilo de vida¹⁰ pero non na súa calidade de vida. Tanto se se trata das primeiras monografías comarcais elaboradas na década dos setenta e comezos da dos oitenta, referidas principalmente á Galicia occidental¹¹, como das máis próximas a nós no tempo que se centran na Galicia interior¹², presentan unha estrutura temático-compositiva similar na que a nobreza, non sempre presente nos seus contidos e habitualmente reducida á subcategoría da fidalguía rural -en ocasións xa urbanizada-, é valorada como un grupo social máis que convive cos outros sectores -campesiñado e clero- nun mesmo espacio xeográfico¹³. Neste sentido, o ensaio sobre a antiga provincia de Mondoñedo,

⁹ Sobre todo, porque nestas investigacións se primou o estudio da fidalguía en relación co entramado da propiedade foral, aparecendo como grupo intermediario -subforista- entre o campesiñado que traballa as terras e os donos do dominio directo das mesmas -xeralmente institucións eclesiásticas e poderosas casas nobiliares-; seguindo así a tese proposta polo prof. Eiras Roel sobre a fidalguía intermediaria e a do prof. García Lombardero sobre os señores medianeiros. Vid. EIRAS ROEL, A.: "El régimen subforal y la clase "hidalgas" intermediaria", no seu "Prólogo" a QUINTÁNS VÁZQUEZ, M^a.C.: *El dominio de San Martín Pinario ante la desamortización (rentas de la abadía)*, Santiago, 1972, pp.10-12; e GARCÍA LOMBARDEIRO, J.: *La agricultura y el estancamiento económico de Galicia en la España del Antiguo Régimen*, Madrid, 1973, pp.107-108. Un bo exemplo deste enfoque témolo na voluminosa monografía comarcal de B. Barreiro Mallón referida á Xurisdicción de Xallas. Vid. BARREIRO MALLÓN, B.: *La Jurisdicción de Xallas en el siglo XVIII. Población, sociedad, economía*, Santiago, 1978 (1^a ed., 1973), pp.446-503.

¹⁰ Retomando así, aínda que sen percibirse unha consciencia plena neste sentido por parte dos autores, as argumentacións que xa propuxera previamente R. Otero Pedrayo sobre "o estilo fidalgo de vivir" (Vid. OTERO PEDRAYO, R.: *Síntesis histórica do século XVIII en Galicia*, Vigo, 1969, p.41). As reflexións acerca do estilo de vida fidalgo que debemos a B. Barreiro Mallón e a P. Saavedra Fernández, referidas á Xurisdicción de Xallas e ó Concello de Burón, respectivamente, son por si mesmas -cremos- un bo exemplo. Vid. BARREIRO MALLÓN, B.: *La Jurisdicción de Xallas ...*, pp.581-584; e SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: *Economía rural antigua en la montaña lucense. El Concejo de Burón*, Santiago, 1979, pp.78-83.

¹¹ É preciso salientar que entre a dúcia de teses e memorias de licenciatura defendidas entón na universidade compostelá, a meirande parte das mesmas se centraron precisamente na Galicia Occidental. Na medida en que tan só nos interesa fixarnos nestas investigacións para valorar cómo é enfocado o estudio da nobreza en sentido amplo, e máis especificamente a fidalguía, centrarémonos unicamente naquelas que foron publicadas. Remitimos ó lector, pois, a BARREIRO MALLÓN, B.: *La Jurisdicción de Xallas ...*; PÉREZ GARCÍA, J.M.: *Un modelo de sociedad rural del Antiguo Régimen en la Galicia costera: la península del Salnés*, Santiago, 1979; e REY CASTELAO, O.: *Aproximación a la historia rural en la Comarca de la Ulla (siglos XVII-XVIII)*, Santiago, 1981.

¹² En relación co interior da provincia de A Coruña, vid. SANDOVAL VERA, F.M.: "Familia y explotación agropecuaria del interior coruñés a mediados del siglo XVIII", *Obradoiro de Historia Moderna*, 7 (1998), pp.249 e ss. Para o interior da de Lugo, vid. SOBRADO CORREA, H.: *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, familia y herencia, 1550-1860*, A Coruña, 2000. E sobre todo para Ourense, onde máis teñen proliferado estas investigacións ó longo destes últimos anos, vid. QUIROGA BARRO, G.: *Evolución dunha estrutura agraria na Galicia interior: a terra de Viana do Bolo, 1600-1820*, Ourense, 1988; RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, D.: *A terra e as xentes. Nacer, vivir e morrer na comarca de Celanova ó longo da Idade Moderna*, A Coruña, 1999; e tamén a interesante miscelánea *Cuadernos Feijonianos de Historia Moderna I*, Santiago, 1999.

¹³ E incluso hai ocasións nas que se prescinde por completo do seu estudio, tal como sucede nas investigacións de F.M. Sandoval sobre a Xurisdicción de Folgoso e de D. Rodríguez sobre a comarca de Celanova, respectivamente, xa citadas na nota anterior.

que debemos a Pegerto Saavedra, ofrece un panorama certamente máis optimista, na medida en que a súa valoración sobre a fidalguía mindoniense parte dunha perspectiva máis ampla na que, ademais de analizar as cuestións estrictamente estruturais, se adentra no estudio dos seus patrimonios en relación coa súa capacidade adquisitiva, e en certos hábitos culturais propios deste grupo privilexiado¹⁴.

Por outra banda, a liña de investigación baseada no estudio monográfico de casas grandes fidalgas e estados señoriais, que indubidablemente ten a súa orixe na tese de Ramón Villares¹⁵, tamén tendeu a primar o estudio dos aspectos económicos¹⁶, e nos últimos anos incluso sociopolíticos¹⁷, en detrimento dos temas estrictamente sociais e culturais. Así, mentres que os mecanismos económicos de consolidación patrimonial e a detracción do excedente campesiño a través do cobro da renda agrícola, foron obxecto dun notable interese científico por parte dos modernistas e os contemporaneístas que se aproximaron ó mundo nobiliario¹⁸; outras temáticas intimamente relacionadas co campo

¹⁴ SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: *Economía, Política y Sociedad en Galicia: La provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Madrid, 1985, pp.442-451 e 567 e ss.

¹⁵ VILLARES PAZ, R.: *Opus cit.*

¹⁶ Estámonos a referir, fundamentalmente, á memoria de licenciatura de P. Leirós de la Peña sobre a Casa de Fontefiz, sita no actual concello de Coles, á tese de doutoramento de L. Domínguez Castro sobre a Casa de Casaldereiro en Ribadavia, e á de M^a.X. Baz Vicente sobre o patrimonio da Casa de Alba en Galicia –casas de Andrade, Lemos e Monterrei-. Vid. LEIRÓS DE LA PEÑA, P.: *La casa de Fontefiz (Contribución al estudio de la hidalguía gallega)*, Santiago, 1986, memoria de licenciatura inédita; DOMÍNGUEZ CASTRO, L.: *Viños, viñas e xentes do Ribeiro. Economía e patrimonio familiar, 1810-1952*, Vigo, 1992; e BAZ VICENTE, M^a.X.: *El patrimonio de la Casa de Alba en Galicia en el siglo XIX*, Lugo, 1991, e tamén da mesma autora *Señorío y propiedad foral de la alta nobleza en Galicia (siglos XVI-XX)*, Madrid, 1996. Así mesmo, compre incluír neste conxunto de obras as valoracións de M^a.L. García Acuña referidas ó estado de Ribadavia; vid. os seus traballos “Unha primeira aproximación ós ingresos do estado de Ribadavia no século XVIII”, en *Historia Nova*, III (1993), pp.125 e ss., e “El Estado de Ribadavia: formas de cesión y administración del dominio señorial”, *Obradoiro de Historia Moderna*, 4 (1995), pp.95 e ss.

¹⁷ En gran medida debido á introducción da historia da familia, e así mesmo do control do poder a nivel local ,como materias de estudio, nas teses de doutoramento sobre a fidalguía galega defendidas recentemente na Universidade de Santiago de Compostela. Vid. MIGUÉS RODRÍGUEZ, V.M.: *A fidalguía galega: Aproximación á xénese, desenvolvemento e consolidación dunha elite socio-económica no Antigo Réxime*, Santiago, 1999, tese de doutoramento inédita; e PRESEDO GARAZO, A.: *Dueños y señores de casas, torres y pazos ...*

¹⁸ Vid. principalmente, ademais das investigacións xa citadas nas notas anteriores, BARREIRO MALLÓN, B.: “El dominio de la familia Porras y la evolución de las rentas agrarias en la Tierra de Santiago”, en VV.AA.: *Obradoiro de Historia Moderna. Homenaje al Prof. Antonio Eiras Roel*, Santiago, 1990, pp.25 e ss.; DOMÍNGUEZ CASTRO, L.: “Análisis económico de una explotación agraria fidalga a finales del Antiguo Régimen”, *Minus*, 1 (1992), pp.95-105, e “Las tierras vinculadas orensanas a finales del Antiguo Régimen: origen y formas de explotación”, en L. Fernández Prieto e X. Balboa López (eds.): *La sociedad rural en la España Contemporánea. Mercado y Patrimonio*, Sada, 1996, pp.121 e ss.; ERIAS MARTÍNEZ, A.: “Fidalgos das Mariñas. Os Leis de Lema e Mondoí”, *Anuario Brigantino*, 19 (1996), pp.129 e ss.; MIGUÉS RODRÍGUEZ, V.M.: “O dominio da Casa de San Fiz de Asma: Evolución e inversión dun dominio fidalgo durante o Antigo Réxime”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLII (1995), pp.39 e ss., “Un exponente de gestión económica de la “fidalguía” gallega y de producción de hierro en la montaña lucense. La herrería de Quintá durante el Antiguo Régimen”, *Studia Historica*, 15 (1996), pp.209 e ss., e *A fidalguía gallega: un breve enxergar histórico através da Casa de San Fiz de Asma e agregadas no Antigo Réxime*, Santiago, 1997; e PRESEDO GARAZO, A.: “El dominio de Rubianes en el siglo XIX: Composición del mayorazgo y desvinculación”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLII (1995), pp.69 e ss., “A pequena fidalguía rural e a parcería de gando: a Casa da Fraga de San Xiao de Carballo –Friol-, 1680-1810”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLIV (1997), pp.53 e ss., “Los ingresos económicos de un hidalgo gallego: rentas y negocios de don Blas María Rubiños (1772-1810)”, *Investigaciones Históricas*, 19 (1999), pp.11 e ss., e *Os devanceiros dos pazos. Economía e estratexias sociais da pequena fidalguía rural na Galicia interior (ss.XVI-XVIII)*, Santiago, 1997.

da historia social –como por exemplo a dimensión sociolóxica da historia da familia– foron relegadas a un segundo plano ata a chegada do segundo lustro da década dos anos noventa. Cómpre, non obstante, facer unha necesaria aclaración de rigor: os contemporaneístas galegos foron os primeiros en tomar conciencia desta circunstancia, e en amosar certo interese pola investigación sistemática da vida cotiá e do contorno sociocultural do sector maioritario da nobreza galega –isto é, a fidalguía– no século XIX. O ensaio de Luis Domínguez Castro sobre a Casa de Casaldereito, no Ribeiro do Avia¹⁹, así como as súas sínteses sobre a cotianeidade fidalga na centuria decimonónica²⁰, ás que debemos engadir ademais a tese de Xosé Ramón Veiga Alonso sobre a obra, o pensamento e a actividade política do conde de Pallares²¹, atestiguan á perfección esta viraxe no contido dos estudos sobre a fidalguía galega concibidos anteriormente desde o ámbito académico.

Feito este breve repaso historiográfico, vémonos na obriga de advertir que son máis ben poucos os traballos feitos no ámbito do modernismo galego que ata o de agora se aproximen á vida cotiá e á socioloxía dos nosos nobres nos séculos modernos, e sobre todo en relación coa fidalguía como principal eixe temático. As investigacións feitas por B. Vaquero Lastres sobre os fidalgos da antiga provincia de Betanzos, nas que analiza os seus enterramentos e a composición dos seus grupos familiares²², xunto coas sínteses relativamente recentes que debemos ó prof. Pegerto Saavedra²³, ademais dalgún que outro traballo solto²⁴, aínda non son suficientes como para poder afirmar en ton categórico que nos atopamos diante dunha temática histórica analizada en profundidade²⁵. En contraste, unha nutrida serie de investigacións acometidas por historiadores da arte e especialistas afíns lograron demostrar a importancia que acadaron as características residencias da nobreza moderna, identificadas co termo pazos, como destacados centros de sociabilidade e así mesmo como núcleos de demanda artística²⁶. E tamén habería que

¹⁹ DOMÍNGUEZ CASTRO, L.: *Viños, viñas e xentes do Ribeiro ...*, pp.19-28 e 168-188.

²⁰ DOMÍNGUEZ CASTRO, L.: “A fidalguía na sociedade do século XIX”, en VV.AA.: *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. I, Historia*, Santiago, 1997, e “Mesa farta, bodega franca, bolsa aberta. A vida cotiá da fidalguía galega no século XIX”, en VV.AA.: *Un percorrido pola Galicia cotiá*, Santiago, 1998.

²¹ VEIGA ALONSO, X.R.: *Progreso, Prensa e Ferrocarrís en Galicia. A Actividade do Conde de Pallares (1855-1883)*, Lugo, 1996, e *O Conde de Pallares e o seu tempo, 1828-1908. Aproximación ó activismo das elites na Galicia decimonónica*, Lugo, 1999.

²² VAQUERO LASTRES, B.: “La hidalguía de Betanzos en el siglo XVIII: La familia y la vivienda”, *Anuario Brigantino*, 9 (1986), pp.63-62, e “Rituales funerarios en Betanzos en el siglo XVIII: un estudio sobre mandas testamentarias”, *Anuario Brigantino*, 16 (1993), pp.49-60.

²³ SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: “Formación, consolidación e influencia social e cultural da fidalguía, ss.XVI-XVIII”, en VV.AA.: *Galicia fai dous mil anos ...*, pp.123 e ss., e “A vida cotiá da fidalguía pacega”, en VV.AA.: *Un percorrido ...*, pp.373 e ss.

²⁴ PRESEDO GARAZO, A.: “O luxo na fidalguía galega a través do exemplo da Casa-Torre de Raíndo, 1798-1800”, en L. Alonso Girgado (coord.): *Homenaxe ó Profesor Manuel Quintáns*, Santiago, 1999, pp.183 e ss., e “El consumo alimenticio de la nobleza provincial gallega en el período 1750-1850”, comunicación presentada ó IX Simposio de Historia Económica, Barcelona, xuño, 2002.

²⁵ Así, mentres que dispoñemos dunha boa análise sobre as actitudes da nobreza asturiana perante a morte, elaborada por un modernista galego, aínda non contamos, sen embargo, cunha reflexión semellante para o caso galego. Vid. BARREIRO MALLÓN, B.: “La nobleza asturiana ante la muerte y la vida”, en VV.AA.: *La Documentación Notarial y la Historia*, Santiago, 1984, T.II, pp.27 e ss. Como moito, podemos sacar a colación o artigo de B. Vaquero Lastres xa citado anteriormente, así como as nosas propias reflexións en *Dueños y señores de casas, torres y pazos ...*, pp.535-547.

²⁶ Entre as máis salientables, GARCÍA IGLESIAS, J.M.: *Pazos de Galicia. Análisis documental*, A Coruña, 1992, 2 vols.; GOY DIZ, A.: “La imagen del poder señorial en el medio rural en la época barroca: el Pazo de Lánacara”, *Semata*, 9 (1997); PEREIRA MOLARES, A.: *Os pazos. Moradas fidalgas de Galicia*, Vigo,

salientar os estudos de Eduardo Pardo de Guevara sobre as armerías nobiliarias galegas, entendidas como elemento identificador cun significado propio, que evolucionan a medida que se transforma o propio ideario da nobreza²⁷.

Realmente, a pioneira reflexión feita por Fermín Bouza-Brey en 1925 sobre o Pazo de Vistaalegre en Vilagarcía, pertencente ós Caamaño²⁸, e a de Xesús Ferro Couselo algo máis tarde en 1972 en relación coa familia ourensá dos Boán²⁹, que veñen a confirmar a tese formulada por Otero Pedrayo sobre a culturización da fidalguía a partir do feito de que os pazos composteláns uniran ós fidalgos do campo cos da cidade³⁰, seguen tendo unha notoria vixencia historiográfica no que respecta ós seus contidos malia ós avances que experimentou a metodoloxía aplicada nas tres últimas décadas.

No seguinte traballo propuxémonos analizar o alcance da cultura material nun pazo lugués, exactamente no Pazo de Noceda, sito nas Nogais³¹, a comezos do século XVII, coincidindo co momento no que esta casa fidalga pertencente ós Ulloa Ribadeneira e Miranda comezou a estender os seus tentáculos patrimoniais no eido local. A finais do XVIII, esta poderosa casa formaba parte da elite de rendistas laicos galegos capaces de superar os 1.000 Hls. anuais en concepto de renda territorial e conseguira emparentar con outras poderosas casas tanto no propio reino de Galicia como na provincia de León³². Así mesmo, a súa residencia rural amosaba un aspecto certamente luxoso en 1724, tal como atestigua a elevada presenza de elementos procedentes da cultura material, a súa modesta biblioteca e a complexa distribución do espazo residencial³³. Pero a penas cen anos atrás, o aspecto que ofrecía en 1623, coincidindo co pasamento do señor Vasco Sánchez de Ulloa y Ribadeneira II, era máis próximo ó dunha casa grande de labranza pese á presenza de obxectos e útiles de luxo relacionados coa cultura material³⁴, e distaba moito do que presentaba en 1633 o Pazo de Vistaalegre que posuían os Caamaño en Vilagarcía³⁵.

1996; RIVERA RODRÍGUEZ, M^a.T.: *Los pazos orensanos. Arquitectura del siglo XVIII en la provincia de Ourense*, A Coruña, 1981; SÁNCHEZ GARCÍA, J.A.: *Mariñán. Pazo de los sentidos*, A Coruña, 1999; VIGO TRASANCOS, A.: “Domingo Lois de Monteagudo y su propuesta neoclásica de pazo gallego”, en VV.AA.: *El Arte en los Caminos*, Santiago, 1989, T.II; e VILA JATO, M^a.D.: “Clemente Sarela, arquitecto de Sistollo (Lugo)”, *El Museo de Pontevedra*, XXXVII (1983), e “El pazo en Galicia”, en G. Ramallo Asensio (coord.): *Arquitectura señorial en el Norte de España*, Oviedo, 1993.

²⁷ Vid. fundamentalmente PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, E.: *Palos, fajas y jaqueles. La fusión de armerías en Galicia durante los siglos XIII al XVI*, Lugo, 1996.

²⁸ BOUZA-BREY TRILLO, F.: “Un pazo galego nos séculos XVI e XVII”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 177 (1925).

²⁹ FERRO COUSELO, X.: “Gente llana con ventura. Los Boanes”, *Boletín Auriense*, II (1972).

³⁰ OTERO PEDRAYO, R.: *Síntesis histórica ...*, p.41.

³¹ Na actualidade estamos a realizar unha monografía sobre esta poderosa casa grande dos Ulloa Ribadeneira nas Nogais, se ben é certo que xa tivemos ocasión de nos referir minuciosamente a ela en PRESEDO GARAZO, A.: *Dueños y señores de casas torres y pazos ...* Vid. tamén LÓPEZ POMBO, L.: *Hidalgos y Casas Señoriales de la Provincia de Lugo. Ayuntamientos de As Nogais, Pedrafita de Cebreiro y Triacastela*, Lugo, 2001, pp.208-220.

³² Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOu), Casas Particulares (CP), Casa do Castro, Noceda, Documentos xerais, caixa 7, nº20.

³³ Véxase unha transcripción do inventario de bens acometido ese mesmo ano no Pazo de Noceda en PRESEDO GARAZO, A.: *Dueños y señores de casas, torres y pazos ...*, pp.686-697.

³⁴ AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, caixa 43, protocolos do notario Pedro Arias Fernández, 1623, s.f.

³⁵ BOUZA-BREY TRILLO, F.: art. cit.

2. ORIXES HISTÓRICAS E DINÁMICA PATRIMONIAL DA CASA DE NOCEDA NOS SÉCULOS XVI Ó XVIII

2.1. Breve descripción da xenealoxía e das estratexias familiares³⁶

A orixe histórica da Casa de Noceda remóntase ó último tramo do século XV, e está relacionada coa casa dos Bolaño Ribadeneira de Torés. De feito, o couto de Noceda xa pertencía a esta poderosa liñaxe cando os Reis Católicos decidiran embargarlle o seu patrimonio en 1488, coincidindo coa ocupación da xefatura da casa por parte de Pedro Bolaño³⁷. Pedro era fillo do fidalgo Fernán Díaz de Ribadeneira, do que fala o *Recuento de casas antiguas* que debemos a Vasco de Aponte, e así mesmo neto, por liña paterna, de Álvaro González de Ribadeneira e Teresa Fernández de Ribadeneira³⁸; e casara con dona Beatriz de Castro, á súa vez filla do mariscal Pedro Pardo de Cela³⁹. Polo tanto, atopábase na órbita de influencia da Casa de Andrade, do mesmo xeito que outras famosas casas luguesas: só por citar a xeito de exemplo algunhas delas, poderíamos referirnos ós Párraga, ós Miranda, ós Teixeira, ós López de Aguiar, e mesmo ós Pardo de Cela⁴⁰.

En 1488, Pedro Bolaño recobra do gobernador xeral de Galicia, isto é, don Diego López de Haro, os bens que foran obxecto de embargo a cambio do pago de 25.000 mrs., e permite que a súa filla dona María Bolaño se quede co “*coto da Noceda que hera de Pedro de Bolaño*”⁴¹. Tal como nos informa o seu testamento redactado en 1527, dona María Bolaño casou en dúas ocasións: en primeiras nupcias con Men Rodríguez Parragués e en segundas con Men do Rial, dos cales tivo dous fillos varóns –Pedro e Vasco- e unha muller –Isabel-. Nas súas referidas mandas testamentarias deixa estipulado que os seus descendentes varóns herden o seu patrimonio –onde se atopa o señorío sobre o couto de Noceda- a partes iguais, aínda que coa condición de que finalmente revirta nun deles, pois “*sy Dios resçebyere alguno dellos, que se diere en el otro, e del otro en el otro*”⁴².

Pedro vai seguir a carreira eclesiástica exercendo a cura de almas na propia freguesía de San Xoán de Noceda, onde tamén fixa a súa residencia o seu irmán Vasco Sánchez de Ulloa I, quen, tras casar con dona Violante de Ribadeneira, asegura a descendencia da casa con dous fillos varóns –Pedro e Álvaro- e unha muller –María-⁴³, e decide outorgar unha “*manda e mejora*” sobre a súa parte de bens que lle corresponden logo do pasamento da súa nai María⁴⁴.

³⁶ Vid. PRESEDO GARAZO, A.: *Dueños y señores de casas, torres y pazos ...*, pp.127-132.

³⁷ Archivo Ducal de Medinaceli (ADM), Torés, leg.5 (antigo leg.3, nº1).

³⁸ APONTE, V. de: *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia, ca.1530-1535* (Ed. a cargo de C. Díaz y Díaz et al., Santiago, 1986). Véxase unha copia do testamento de Fernán Díaz de Ribadeneira, outorgado en 1491-VIII-20, en ADM, Torés, leg.11 (ant. leg.5, nº35).

³⁹ Este entronque familiar cos Castro de Lemos a partir do mariscal Pedro Pardo de Cela foi constado por PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, E.: *Don Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos (1576-1622)*, Santiago, 1997, vol.I, pp.288-289.

⁴⁰ APONTE, V. de: *Recuento de las casas antiguas ...*, pp.132-135.

⁴¹ ADM, Torés, leg.5 (ant. leg.3, nº1).

⁴² AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Xenealoxía, caixa 5, nº4.

⁴³ AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Documentos xerais, caixa 6, nº1.

⁴⁴ Tal como se especifica no testamento que outorgou o seu fillo Álvaro Taboada de Bolaño en 1585-II-6. ADM, Torés, leg.11 (ant. leg.5, nº40).

Igual que fixera o seu tío, Pedro Bolaño Ribadeneira vai acollerse ós votos eclesiásticos para acabar os seus días como párroco de Noceda⁴⁵; mentres que Álvaro Taboada de Bolaño casa con dona Berenguela Ribadeneira, en quen enxendra unha prole composta por tres membros: dous varóns –Vasco e Álvaro- e unha muller –Beatriz-⁴⁶. Tal como nos informa o seu testamento outorgado en 1585, divide os seus gañanciais en partes proporcionais entre os seus fillos, excepto a mellora que establecera o seu pai Vasco Sánchez de Ulloa I. Agora ben, parte do dote que lle corresponde a dona Beatriz é abonada polo seu tío Pedro cando casa en 1602 con don Pedro Pardo de Ulloa y Aguiar, señor da Casa de San Pedro do Río; quen, ademais, nomea ó seu sobriño Vasco Sánchez de Ulloa II como o seu herdeiro universal no testamento que outorga en 1604⁴⁷. Velaí que desde comezos do século XVII, o patrimonio da Casa de Noceda queda concentrado nunha única liña sucesoria que vai portar os xustos dereitos sucesorios⁴⁸.

A sucesión agnaticia, as progresivas fundacións e agregacións vinculares establecidas a partir de melloras e de morgados, e o calculado achegamento a outras poderosas casas nobres, en numerosas ocasións tamén de orixe fidalga, permitiranlles acadar unha exitosa reprodución social. Así, Vasco Sánchez de Ulloa II casa con dona Inés de Valcárcel, en quen enxendra catro fillos: Diego, Antonio, Francisco e Pedro. O primoxénito, isto é, don Pedro de Ulloa Ribadeneira, toma por esposa a dona Antonia de Taboada y Lemos, procedente da Casa de Taboada, e así mesmo recibe da súa nai –dona

⁴⁵ AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Xenealoxía, caixa 5, nº5.

⁴⁶ ADM, Torés, leg.11 (ant. leg.5, nº40), e tamén AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Documentos xerais, caixa 6, nº1.

⁴⁷ Estes datos proceden de ADM, leg.11 (ant. leg.5, nº40), e así mesmo AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Xenealoxía, caixa 5, nº5, e Documentos xerais, caixa 6, nº1.

⁴⁸ Chegados a este punto, cómpre facer unha serie de precisións de rigor en relación coas diversas interpretacións que se teñen esgrimido sobre as orixes xenealóxico-históricas desta casa, en ocasións desprovistas de rigor heurístico, noutras simplemente froito da mala interpretación documental. Se a xurisdicción de Noceda chega a dona María Bolaño a través do seu pai Pedro Fernández Bolaño, e polo tanto procede do patrimonio inicialmente pertencente á Casa de Torés, tal como demostra a documentación da sección Torés do Arquivo Ducal de Medinaceli, e así mesmo a do Arquivo da Casa de Noceda; a liña ficticia entre a Casa de Ulloa e a de Torés, a través do control do exercicio xurisdiccional sobre o couto de Noceda, que estableceu M. Vázquez Seijas, resulta inverosímil, máxime se temos en conta que este autor non aporta ningunha pista documental que demostre dita filiación. Vid. VÁZQUEZ SEIJAS, M.: *Fortalezas de Lugo y su provincia*, T.III, Lugo, 1962, p.251. Pola súa banda, J.S. Crespo Pozo equivocouse estrepitosamente na lectura que fixo do documento nº40 do antigo leg.5 da sección Torés conservado en Medinaceli, pois non é dona Berenguela Ribadeneira quen outorga o testamento que aparece nesta peza, e moito menos en 1485-II-6, senón o seu marido Álvaro Taboada de Bolaño, quen era señor de Noceda por liña paterna ó ser neto de dona María Bolaño, e a verdadeira data deste documento é a de 1585-II-6, tal como se pode ver claramente aínda hoxe en día. Pero incluso o propio *Recuento de las casas antiguas* que debemos a Vasco de Aponte, non deixa lugar a dúbidas: os únicos fillos de Álvaro González de Ribadeneira e Teresa González foron Fernán Díaz, Ruy Gómez e Diego Sánchez, e dona Berenguela non aparece por ningures (vid. APONTE, V. de: *Opus cit.*, p.132). Non deixa de sorprenden, en certo senso, o feito de que Crespo Pozo argumentase nunha nota a pé de páxina que “El Sr. Vázquez Seijas no cita a esta D^a. Berenguela, hija del primer señor de Torés históricamente conocido, y de la cual arranca la estirpe de una de las familias del Este de Lugo dignas de tener en consideración, la de la Casa de Noceda”, toda vez que a fundamentación lóxica da súa hipótese atopábase nun documento mal datado. Vid. CRESPO POZO, J.S. (O. de M.): *Blasones y linajes de Galicia*, vol.II, Santiago, 1962, p.223. Sen embargo, non podemos referirnos nestes mesmos termos de crítica revisionista á hora de falar de autores máis recentes que, por descoñecemento, aínda manteñen esta interpretación errónea sobre as orixes xenealóxico-históricas da Casa de Noceda, concedendo validez á hipótese forxada no seu día polo insigne xenealoxista galego Crespo Pozo sen consultar as fontes que manexara aquel. Neste senso, véxase á recente obra de LÓPEZ POMBO, L.: *Hidalgos y casas Señoriales de la Provincia de Lugo ...*, p.209.

Inés- unha mellora vincular con gravame dunha misa semanal a perpetuidade na igrexa parroquial de Noceda⁴⁹. Non obstante, ó non teren sucesión biolóxica, o morgado recaerá no seu irmán don Diego. Don Antonio seguirá a carreira eclesiástica, e don Francisco o servizo á Monarquía a través do exército, de tal sorte que “*se ha quedado en Nápoles, donde tiene descendencia y familia de la mas alta distincion*”.

Don Diego de Ulloa Ribadeneira de Losada y Quiroga recibe, pois, do seu pai o patrimonio da casa e do señorío de Noceda case na súa integridade. É precisamente a partir desta xeración cando a residencia familiar vai ser fixada en Villafranca del Bierzo, ademais de en Noceda. Casado con dona Beatriz de Castro y Pimentel, filla dos donos da Casa de Guitiriz, asegura a continuidade biolóxica da casa con tres descendentes: dous varóns –Pedro e Diego- e unha muller –María-; e nas súas mandas testamentarias, outorgadas en 1645, establece unha nova mellora vincular de “*tercio y quinto de todos mis bienes muebles y raíces que adquirir y herede de mis padres y hermanos*” con obxecto de beneficiar ó seu fillo varón primoxénito Pedro, para que “*los tales bienes anden juntos con los que ya son de mayorazgo desta casa sin poderse partir ni dividir en ningun tiempo*”⁵⁰. Así, á mellora establecida polo seu bisavó Vasco Sánchez de Ulloa I, fillo de dona María Bolaño, e beneficiario do patrimonio unificado da casa logo de herdar a parte correspondente do seu tío don Pedro, don Diego agrega un novo vínculo á casa. A importancia deste acontecemento para a constitución do patrimonio vincular da Casa de Noceda aínda se ve maiormente reforzado pola mellora vincular que outorga a súa consorte dona Beatriz de Castro Pimentel no seu testamento de 1661, no que volve beneficiar ó mesmo herdeiro primoxénito⁵¹. Nesta segunda mellora sitúa os seus bens gañanciais, nos que se inclúen os bens adquiridos conxuntamente co seu esposo, ademais da herencia que lle corresponde na Casa de Guitiriz.

Don Pedro de Ulloa Miranda y Ribadeneira conseguíde vestir o hábito da Orde de Santiago. Casa en dúas ocasións: en primeiras nupcias con dona María Feliciano de Bolaño, filla dos señores da Casa de Lánchara⁵², e en segundas con dona Margarita Flórez de la Sierra y Omaña, que así mesmo o é dos donos da Casa de Miramontes; e a súa prole está composta por oito membros: seis varóns –Pedro José, Diego Juan, Enrique Antonio, José Antonio, Gaspar e Diego- e dúas mulleres –Beatriz e María Margarita-. A reprodución social alargada da casa acada nestes momentos, é dicir, no primeiro cuarto do século XVIII, o seu apoxeo. Así, don Pedro e a súa segunda consorte dona Margarita fundan un novo morgado en 1704, logo de conseguir a obrigatoria licenzia real. Os argumentos cos que ámbolos dous donos xustifican esta nova fundación son o bastante ilustrativos dos ideais nos que se segue a basear a casa para acadar este exitoso ascenso socio-político:

⁴⁹ AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Xenealoxía, caixa 5, nº6. O testamento de dona Antonia de Taboada y Lemos, outorgado en 1629-III-7, tamén se atopa nesta mesma caixa 5, nº7. Neste documento, dona Antonia beneficia ó seu fillo varón primoxénito, habido trala unión con don Pedro de Ulloa, cunha mellora vincular. Pode verse un memorial do pleito disputado en 1619 entre o señor de Noceda e o seu parente o señor de Torés, con noticias interesantes referidas á Casa de Taboada, en AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Documentos xerais, caixa 6, nº3.

⁵⁰ AHPOu, CO, Casa do Castro, Noceda, Xenealoxía, caixa 5, nº8.

⁵¹ AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Xenealoxía, caixa 5, nº9.

⁵² AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Documentos xerais, caixa 6, nº1.

“aviendo considerado que la experiencia con varios ejemplos enseña averse consumido la memoria y renombre de mui grandes y lustres caballeros por el desperdicio de sus subzores y herederos, y por el contrario averse conservado y quedár los subzores con mayor poder y fuerzas estando juntos e indivisibles sus vienes por medio de fundaciones de mayorazgo o agregacion a el, y desta suerte aver conservado lo ylustre de su sangre y en mayor obligacion de servir a Dios Nuestro Señor y a su Rei y señor; autorizando su linaje y patria en grande utilidad de ella y de el bien comun”⁵³.

Os bens que se inclúen neste novo morgado son: a Casa e a Xurisdicción de Noceda, a Ferraría de Bois, o dereito de presentación na igrexa de San Xoán de Noceda, os lugares de Quiroga e Carballo, 64 casares en Noceda, 4.000 mrs. de xuros situados sobre as alcabalas da cidade de Lugo, e varias xurisdiccións cos seus vasalos, caseríos e rendas.

Os casamentos da súa prole tamén indican que a casa xa está integrada dentro da nobreza provincial máis avantaxada. Así, o primoxénito don Pedro José de Ulloa casa con dona María Luisa Noguerol Somoza y Saavedra, que procede da Casa dos Somozas por liña paterna e da Casa de Sarria pola materna, recibindo en 1724 un dote valorado en 66.000 rs.⁵⁴. Pero igualmente, as súas fillas tamén reciben dotes incluso superiores que acadan os 77.000 rs., tal como atestigua dona Beatriz, casada con don Pedro Carlos de Quiroga y Miranda en 1713⁵⁵; mentres que dona Margarita vai casar con don Pedro Jacinto Sarmiento Barraganes Valladares Troncoso y Ribadeneira, conde de San Román⁵⁶.

E tamén, en terceiro lugar, é preciso salientar que os fillos varóns van ocupar postos de relevo nos estamentos eclesiástico e castrense: don Diego Juan acabará os seus días como coengo mestre-escola na Catedral de Santiago⁵⁷, e os seus irmáns don Diego e don Gaspar, ademais de acceder ó hábito de Santiago, van ostentar as graduacións de tenente de fragata e tenente de navío respectivamente.

Do matrimonio entre don Pedro José de Ulloa con dona María Luisa Noguerol nacen catro fillos: un varón –Pedro Luis- e tres mulleres –María Joaquina, María Antonia e Manuela-. O primoxénito permanece célibe en tanto en canto que as súas irmás van casar con respectivos consortes procedentes de casas fidalgas. De todas elas, a que se sitúa mellor é dona María Joaquina, quen se une a don José Benito de Tineo Sierra y Osorio, da casa que posúe o señorío de Las Regueras e de Laguna, así como unha rexiduría en Astorga, logo do pacto matrimonial concertado en 1749, e que obrigou á Casa de Noceda a abonar un dote valorado en 88.000 rs.⁵⁸. Tras fixar a súa residencia na antedita cidade, nace o seu único sucesor: don José María Luis, a quen elixe o seu tío don Pedro Luis como herdeiro do morgado de Noceda no seu testamento outorgado en Villafranca del Bierzo en 1759⁵⁹.

⁵³ AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Documentos xerais, caixa 6, nº9.

⁵⁴ AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Xenealoxía, caixa 5, nº15.

⁵⁵ AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Xenealoxía, caixa 5, nº12.

⁵⁶ En relación co proceso de divorcio entre dona Margaritade Ulloa e o conde de San Román, vid. AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Xudiciais, caixa 13, nº5, e Diversos (Curiosos), caixa 17, nº10.

⁵⁷ O seu testamento foi outorgado en 1762 diante do escribán Domingo Antonio Sánchez, e o protocolo en cuestión pódese consultar no Arquivo Universitario de Santiago, Protocolos Notariais, Santiago. Pode verse unha copia deste documento en AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Xenealoxía, caixa 5, nº13. O expediente de limpeza de sangue elaborado cando accedeu á súa canonxía compostelá en 1733 atópase no Arquivo Catedralicio de Santiago, Informacións de limpeza de sangue, leg.768, T.XXXVIII. Vid. ademais FOLGAR DE LA CALLE, M^a.C.: “Promotores del Barroco gallego: D. Diego Juan de Ulloa”, in *I Congreso Internacional do Barroco*, Actas, Porto, 1991, vol.I, pp.371-396; e TAÍN GUZMÁN, M.: “La biblioteca del canónigo maestrescuela Diego Juan de Ulloa, impulsor del Barroco compostelano”, *Semata*, 10 (1998), pp.321-357.

⁵⁸ AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Xenealoxía, caixa 5, nº16.

⁵⁹ AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Xenealoxía, caixa 5, nº14.

Á súa vez, don José María Luis Tineo y Ulloa vai casar en dúas ocasións. En primeiras nupcias con dona Bernarda Malvar y Acuña, e en segundas con dona María Bernarda Juana de Vigo Toubes Taboada y López, aínda que tan só obtén descendencia da segunda: unha filla chamada dona María Josefa Tineo y Ulloa. A comezos do século XIX don José María é recoñecido como “*caballero pensionado de la real y distinguida Orden de Carlos tercero, de la Lis y de la real Maestranza de Valencia, gentil hombre de S.M. con entrada e Intendente honorario de Exercito*”⁶⁰, reside en Astorga e pasa algunhas estadias en terras galegas, ora no seu pazo familiar de Noceda, ora na Cidade do Apóstolo.

Do mesmo xeito que fixera o seu pai, dona Josefa Tineo y Ulloa casa dúas veces. Primeiro, con don Luis Osorio Pimentel, principal herdeiro da Casa-Pazo de Canedo, no Bierzo⁶¹, e despois, en 1822, con don Apolinar Suárez de Deza Yebra Oca Sarmiento Pimentel, dono, entre outras, das casas de Bergondo, Láncara e A Mezquita⁶². Logo desta última e decisiva unión conxugal, o patrimonio pertencente ós morgados e vínculos da Casa de Noceda vaise integrar na extensa facenda patrimonial dos Suárez de Deza de Láncara, e xa avanzado o século XIX, na dos Flórez de O Catro, para converterse nunha administración máis dependente das anteditas casas⁶³.

2.2. Mecanismos económicos da consolidación patrimonial

Ademais do estratéxico achegamento a outras casas *solariegas* a partir de pactos matrimoniais con familias fidalgas procedentes de áreas xeográficas próximas e con intereses socioeconómicos, e incluso políticos, en común; as distintas xeracións de donos da Casa de Noceda tamén se esforzaron por ampliar o seu volume de ingresos ó longo do Antigo Réxime, a través doutros mecanismos que hemos de considerar económicos en senso estricto. Trátase, esta, dunha cuestión fundamental para a comprensión da idiosincrasia rendista característica desta poderosa casa fidalga da Galicia Oriental, que coincide, nas súas liñas máis orixinais, coa imaxe que se desprende doutras poderosas casas grandes luguesas e da franxa noroccidental da provincia ourensá, como de feito o son Lagariños⁶⁴, Fontefiz⁶⁵ e San Fiz⁶⁶, para as cales xa dispomos de análises exhaustivas sobre as súas contabilidades. O certo é que os Ulloa Ribadeneira e Miranda de Noceda eran uns rendistas excepcionais, se aplicamos a terminoloxía proposta no seu día polo prof. Ramón Villares⁶⁷, pois os seus ingresos superaban con creces o listón dos 200 hls./ano en concepto de renda á altura do último cuarto do século XVIII –exactamente en 1777–, para situarse, incluso, por riba dos 1.000⁶⁸.

⁶⁰ Tal como se recoñece no seu inventario *post-mortem* datado en 1823, e conservado no AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Documentos xerais, caixa 7, nº19. A concesión rexia do hábito da Orde de Carlos III atópase en AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Nobreza, caixa 5, nº6.

⁶¹ AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Xenealoxía, caixa 5, nº6.

⁶² AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Xenealoxía, caixa 5, nº20.

⁶³ Vid. GARCIA TATO, I.: *La Casa de Outarelo de Valdeorras. Formación y desarrollo de su patrimonio (siglos XIV-XX)*, Santiago, 2001, pp.31-32.

⁶⁴ VILLARES PAZ, R.: *La propiedad de la tierra ...*, pp.56 e ss..

⁶⁵ LEIRÓS DE LA PEÑA, P.: *La casa de Fontefuz ...*, p.42.

⁶⁶ MIGUÉS RODRÍGUEZ, V.M.: *A fidalguía galega ...*, pp.112 e ss.

⁶⁷ VILLARES PAZ, R.: *La propiedad de la tierra ...*, pp.50-51.

⁶⁸ AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Documentos xerais, caixa 7, nº20. Véxase ademais PRESEDO GARAZO, A.: *Dueños y señores de casas, torres y pazos ...*, p.792.

Unha porcentaxe considerable destas rendas fora acumulada a partir do pago dos dotes abonados polas familias fidalgas das que procedían as diversas mulleres que se foran integrando na dinámica desta casa durante os séculos modernos, a partir do seu casamento coas sucesivas xeracións de donos. Pero a meirande parte delas tiña a súa orixe no esforzo dos familiares, en sentido biolóxico, que conformaban a casa, e especialmente nos donos, afeitos en ampliar o volume dos seus bens gañanciais co gallo de incorporalos, *a posteriori*, ó morgado da casa a través de melloras vinculares, tal como atestiguan as novas fundacións de 1645 e 1704 ás que nos referimos anteriormente⁶⁹. É dicir, a través da súa participación no nada transparente mercado da terra no eido local⁷⁰, e na creación de novas rendas territoriais, fundamentalmente forais, sobre os predios adquiridos⁷¹. Podémolo comprobar con algo máis de detalle a partir da Táboa 1.

TÁBOA 1. Consolidación do patrimonio da Casa de Noceda no Antigo Réxime a través das diferentes tipoloxías documentais.

Período	compravendas		foros		censos		Total
	nº	%	nº	%	nº	%	nº
s.XVI	16	80,00	4	20,00	0	0,00	20
XVII/1	208	80,30	46	17,76	5	1,93	259
XVII/2	98	65,33	49	32,66	3	2,00	150
XVIII/1	22	25,88	59	69,41	4	4,70	85
XVIII/2	51	73,91	10	14,49	5	7,24	69

Fonte: Elaboración propia a partir de AHPOU, CP, Casa do Castro, Noceda, Facenda, caixas 7 a 12, e 19 a 25.

Dos 583 contratos relacionados exclusivamente cos mecanismos de expansión económica da casa, de que temos constancia, un elevado 67,75% dos mesmos refírense a operacións de compravenda. Estas 395 transaccións son unha proba o suficientemente ilustrativa de que os Ullos Ribadeneira e Miranda participaron activamente no proceso de expropiación campesiña protagonizado polos grupos sociais que gozaron dunha maior capacidade adquisitiva na Galicia da Idade Moderna, e que orixinou unha profunda polarización social da que saíron mal parados os labregos medios, en beneficio dos rendistas legos⁷². É máis, o monto principal destas transaccións concéntrase no derradeiro tramo do século XVI e na primeira metade do XVII: nin máis nin menos co 56,70% das mesmas⁷³. A escasa representación dos censos outorgados pola casa non fai senón confirmar a hipótese de que detrás destas operacións de compra-venda había préstamos encubertos a favor de labregos endebedados, que se viran na obriga de desprenderse finalmente de bens en favor dos donos da Casa de Noceda⁷⁴. Tal é así, que dos 381 contratos para os que poide-

⁶⁹ AHPOU, CP, Casa do Castro, Noceda, Xenealoxía, caixa 5, nº8, e Documentos xerais, caixa 6, nº9.

⁷⁰ Acorde co modelo elaborado por LEVI, G.: *La herencia inmaterial. La historia de un exorcista piemontés del siglo XVII*, Madrid, 1990 (Turín, 1985).

⁷¹ VILLARES PAZ, R.: *La propiedad de la tierra ...*, pp.88-90.

⁷² Tal como demostraron, entre outros, GELABERT GONZÁLEZ, J.E.: *Santiago y la Tierra de Santiago de 1500 a 1640*, Santiago, 1982, pp.143-152; e SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: *Economía, Política y Sociedad en Galicia ...*, pp.442-451.

⁷³ Información máis concisa sobre este aspecto en PRESEDO GARAZO, A.: *Dueños y señores de casas, torres y pazos ...*, pp.217-220 e 757-759.

⁷⁴ E incluso como consecuencia da acumulación de impagos de renda, de xeito parello a como constatou G.Quiroga Barro para a Terra do Bolo. Véxase o seu ensaio *Evolución dunha estrutura agraria ...*, p.72.

mos determinar con exactitude o mes en que foron outorgados, se desprende a existencia dun ritmo mensual que vai parello ó propio ciclo da labranza (Táboa 2).

TÁBOA 2. Ritmo mensual das adquisicións da Casa de Noceda no Antigo Réxime.


Mes	nº	%
Xaneiro	32	8,39
Febreiro	46	12,07
Marzo	59	15,48
Abril	45	11,81
Maio	61	16,01
Xuño	37	9,71
Xullo	14	3,67
Agosto	99	2,36
Setembro	13	3,41
Outubro	17	4,46
Novembro	25	6,56
Decembro	26	6,80

Fonte: A mesma que para a Táboa 1.

A meirande parte das transaccións lévanse a cabo coincidindo cos meses de soldadura, concentrándose entre febreiro e maio, cando as despensas campesiñas comezan a quedarse baleiras, e os labregos se ven na obriga de solicitar grao ó fiado a quen conte con excedentes para poder subsistir ata o momento da seitura⁷⁵; máxime nesta área xeográfica na que o monocultivo de cereais panificables, incluso a partir de gramíneas de baixo valor enerxético, en réxime de barbeito, era predominante nas agras labradías⁷⁶.

Agora ben, sería demasiado esaxerado referirnos a este proceso de expropiación campesiña unicamente en termos especulativos, máxime se temos en conta que o que pretendían os señores de Noceda era acceder a unha cantidade de renda territorial cada vez maior. Unha rápida ollada ó ritmo de adquisición de novas rendas estipuladas en cereais por parte da casa confirma esta hipótese.

GRÁFICA 1. Incremento das rendas agrícolas da Casa de Noceda según as adquisicións protagonizadas polas distintas xeracións de xefes da casa (1595-1718).



⁷⁵ SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, 1994, pp.132-134.

⁷⁶ Véxanse por analogía os sistemas de cultivo existentes noutra área de montaña da Galicia Oriental en SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: *Economía rural antigua ...*, pp.34-40.

Entre 1595 e 1718, a adquisición de novas rendas describe un perfil certamente alcista, pero aínda así os 120 hls. acumulados a través do mercado da terra non son suficientes como para xustificar os elevados 1.025,67 hls. que ingresa con regularidade a casa a finais do século XVIII. Para atopar unha explicación convincente a este incremento secular nos ingresos rendísticos é preciso que teñamos en conta os 168 foros que consignou a casa á favor de diversos colonos. Polo tanto, a meirande parte dos ingresos teñen a súa orixe en contratos enfitéuticos, o cal non fai senón confirmar o feito de que nos atopamos diante dunha casa que depende, principalmente, do cobro de rendas forais, e que se desvinculou do nivel productivo, coincidindo así co modelo elaborado por Ramón Villares para as casas grandes fidalgas que se especializaron na detracción do excedente campesiño a partir do cobro da renda, expresada nas múltiples manifestacións en que se presenta no seo da economía tardofeudal⁷⁷.

Máis ben, esta intensa presión sobre o campesiñado programada polos Ulloa Ribadeneira e Miranda a nivel local explica por si soa, á marxe de todo tipo de consideracións economicistas, a consolidación dun complexo entramado de redes clientelares sobre os hipotéticos vendedores endebedados en beneficio da casa⁷⁸. E así mesmo, era precisa para poder dispoñer dunha cantidade suficiente de rendas territoriais coas que financia-lo gasto orixinado pola necesidade de vivir acorde cun estilo de vida con que se identificaban os grupos sociais predominantes, no que a presenza de elementos procedentes da cultura do luxo –e polo tanto, de precio elevado- resultaba unha necesidade fundamental.

3. A CULTURA MATERIAL DO PAZO A TRAVÉS DO INVENTARIO DE 1623

Cando en 1623, Pedro López de Herbón, merino e xustiza do couto de Noceda, nomeado polos propios Ulloa Ribadeneira, acometeu o reconto da fincabilidade do señor Vasco Sánchez de Ulloa Ribadeneira II, a Casa de Noceda aínda se atopaba inmersa na primeira e decisiva etapa da súa expansión patrimonial que habería de preceder á nova mellora vincular de 1645, e era deudora das antigas alianzas que estableceran os seus devanceiros no período tardomedieval. De feito, un dos descendentes do dono recién finado, Diego, estaba ó servizo da condesa de Lemos, e outro, Francisco, atopábase na vila de Monforte, seguramente cursando estudos no recién fundado colexio xesuítico que tamén contaba coa protección dos de Lemos.

Sen embargo, o preito que acontecera a penas catro anos antes, exactamente en 1619, e que obrigara ós Ulloa Ribaneira a enfrontarse xudicialmente cos Bolaño Ribadeneira, os seus parentes próximos tanto física como bioloxicamente, e señores así mesmo de Torés⁷⁹, nos está indicando que Noceda xa era en si mesma unha nova entidade independente e desligada da casa da que xurdira, cando en 1488 Pedro Fernández de Bolaño decidira que o couto de Noceda fora parar á súa filla dona María. Este reconto de bens se leva a cabo, pois, en gran medida, ante a ameaza de novas reclamacións procedentes da Casa de Torés en relación coa xurisdicción de Noceda, e por iso ten implí-

⁷⁷ VILLARES PAZ, R.: *La propiedad de la tierra en Galicia ...*, pp.30 e ss.

⁷⁸ PRESEDO GARAZO, A.: *Dueños y señores de casas, torres y pazos ...*, pp.228-230.

⁷⁹ AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Documentos xerais, caixa 6, nº3.

cita a finalidade de fortalecer á propia Casa de Noceda fronte a todos aqueles que puidesen, e tamén quixesen, poñer en tea de xuízo a súa identidade patrimonial e simbólica. O propio merino especifica que o inventario se fai “*para que en todo tienpo aya luz e claridad de los bienes del dicho deffunto, su padre de los dichos menores, ansi para hellos como para otra qualquiera persona que a hellos pretenda thener derecho e action*”. Incluso a nova fundación de 1645 explícase en parte pola reclamación que fixeran os donos da Casa de Torés sobre o couto de Noceda a comezos de século. É dicir, a Casa de Noceda optara por ter unha dinámica de reprodución social propia e independente da de Torés; polo que, neste mesmo sentido, se producira unha ruptura evidente respecto ó seu pasado.

Non é de estrañar que Vasco Sánchez Ulloa II se propuxese ampliar a influencia da súa casa a nivel local a partir da expansión do seu patrimonio, basicamente rústico; o cal se habería de traducir, na práctica, nuns ingresos anuais maiores⁸⁰. Cuestión que se ve sobradamente reflectida, en primeiro termo, nos bens materiais que compoñen o seu propio haber no momento de seren inventariados; e en segundo, no feito de que a penas cen anos máis tarde, para ser máis precisos en 1724, o Pazo de Noceda ofrezca un aspecto máis luxoso e comfortable do que presenta a comezos do século XVII.

O pazo -ou mellor dito, as diferentes edificacións adicadas ó habitáculo e ás tarefas agrícolas que se atopan intercomunicadas pero que aínda non chegan a configurar unha unidade arquitectónica única e harmónica- semella ser un centro económico complexo e dinámico desde o cal se xestiona a explotación agrícola anexa, posiblemente traballada polos propios donos a través de xornaleiros e criados de labranza⁸¹, e tamén onde se leva a cabo a contabilidade e a administración dos outros ingresos agrogandeiros indirectos, xunto cos de natureza protoindustrial e incluso xurisdiccional que percibe a casa.


A meirande parte destes ingresos –dos que nos informa o inventario- proceden de rendas decimais, territoriais e xurisdiccionais, e polo tanto son indirectos; pero de tódolos xeitos hai algúns indicios que avalan a hipótese de que os señores de Noceda se implicaron na labranza dos predios anexos ás “*casas de morada*”, que configuran a súa explotación directa, pois contan con dúas parellas de bois “*de arada*”, e o 17,51% de tódolos enseres contabilizados están relacionados coas tarefas agrícolas. O principal monto dos mesmos procede da metade do beneficio e padroado que lle corresponde á casa sobre a freguesía de San Xoán de Noceda, cuns 168,30 hls. de cereais grosos e miúdos; en segundo termo atópanse as rendas forais “*savidas*”, para ser máis concisos: os 67,32 hls. de centeo que orixina a cesión de “*las cortiñas de Castrelo*”; en terceiro, atópanse as rendas xurisdiccionais, neste caso estipuladas en colleitas, con 13,46 hls. de centeo⁸² e 6,05 de trigo; e en cuarto e último lugar, os 13,46 hls. de centeo que rende a explotación directa. No pazo residen, logo, rendistas excepcionais cuns ingresos anuais que debemos considerar moi elevados, xa que acadan como mínimo os 268,59 hls. en distintos cereais, dos cales, tan só un 5,01% dos mesmos ten a súa orixe na explotación dos predios anexos ó propio pazo, tal como se pode comprobar na Gráfica 2.

⁸⁰ Os bens por el adquiridos atópanse desglosados en PRESEDO GARAZO, A.: *Dueños y señores de casas, torres y pazos ...*, pp. 757-758.

⁸¹ Unhas reflexións neste sentido, incluso referidos á primeira metade do século XVIII, en *Ibid.*, pp.401-402.

⁸² Esta renda en centeo foi calculada a partir das 40 fans. de pan “*de cojeta y labrança*” declaradas. Tomando de base esta cantidade, aplicámoslle 20 fans. ás colleitas e outras 20 máis á explotación agrícola directa.

GRÁFICA 2. Tipoloxía dos ingresos da Casa de Noceda a comezos do século XVII según o inventario *post-mortem* do señor Vasco Sánchez de Ulloa II.



É máis, os Ulloa Ribadeneira incluso dispoñen de gando que está “*fuera de casa*” posto “*en casa de criadores*”, en aparcería ou alugados: entre 7 e 8 reses vacúas e 40 ovicápridos⁸³.

Sen embargo, este feito non se contradí, en absoluto, co interese que amosan os Ulloa Ribadeneira por xestionar directamente a explotación agrícola anexa ó pazo, da que obteñen unha modesta produción anual se é que a comparamos co montante global ó que ascenden tódolos seus ingresos, pero digna de ser tida en conta na medida en que nos está indicando que os propios fidalgos se decantaron por este mecanismo para obtela e non outro. Tal é así, que incluso se viron na obriga de contar con dúas parellas de bois e un considerable número de útiles de labranza, tal como xa sinalamos. Pero ademais, a alta presenza de gando menor criado pola propia casa –70 reses ovicaprinas e 14 porcinas– é ilustrativo de que os señores de Noceda tamén tiveron unha notable cabaña gandeira xestionada, na súa meirande parte, por eles mesmos e os seus subalternos, da que podían obter produtos pecuarios de inestimable valor, sobre todo se temos en conta o contexto alimenticio imperante neste momento, no que predominaba a monotomía dietética.

Á súa vez, a Ferraría de Bois, novamente edificada⁸⁴, ora estivera xestionada polos propios señores, ora cedido o seu usufructo a artesáns especializados, tamén xeraba unhas gañancias en ferro labrado e en banda que logo era transportado ata os puntos de comercialización en “*dos machos y dos rocines con sus aparejos de albarda que trabaxan en la herrería*”⁸⁵; e a casa aínda posuía a maiores tres muíños dentro dos lindes parroquiais.

Polo tanto, a comezos do XVII, “*las casas e palacio de Noceda*” eran, ante todo, o centro neurálxico dunha das casas fidalgas máis poderosas da Galicia oriental, se

⁸³ Coincidindo así co panorama descrito por J.M. Pérez García ó referirse ós grandes propietarios pecuarios na Galicia do século XVII. Vid. PÉREZ GARCÍA, J.M.: “Niveles y transformación de la ganadería de Galicia en el siglo XVII”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIII (1982), pp.139-140 e 144; e tamén PRESEDO GARAZO, A.: *Os devanceiros ...*, pp.93 e ss.

⁸⁴ Teñamos en conta que o primeiro edificio da Ferraría de Bois que construíron os señores de Noceda data de 1538. AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Fachenda, caixa 12, nº327-a.

⁸⁵ E de feito, o gasto en carbón para a Ferraría de Bois durante o período 1647-1693 ascendeu a 10.647,76 rs. a teor das contas referidas ó mineral extraído da mina de Formigueiros, pertencente ó conde de Maceda. AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, Documentos xerais, caixa 6, nº7.

é que atendemos ó seu elevado nivel de ingresos; e como tal, era un importante enclave económico no eido local no que confluían á vez diversas actividades e funcións nas que estaban implicados os seus donos, e así mesmo onde se almacenaban os ingresos que xeraban os diferentes dereitos que estes percibían polos seus variados privilexios⁸⁶. Consecuentemente, se atendemos á súa funcionalidade, este conxunto de edificacións aínda estaba máis próximo ó dunha poderosa casa de labranza que ó do característico pazo que veremos proliferar logo de que se difunda decididamente o Barroco na segunda metade de século, no que a multifuncionalidade vai seguir sendo unha característica salientable, pero no que a área habitacional vai merecer unha atención cada vez maior⁸⁷.

Este aparente aspecto de sólida granxa que presenta entón o Pazo de Noceda vese incrementado, ademais, polo feito de que desde el se programan as diversas tarefas agrícolas que se deben desenvolver na labranza dos predios que conforman a explotación anexa. Por iso, hai recollidos nas dependencias agrícolas do inmovible “*tres azadas e tres picaños, y diez azadones de las biñas, y un carro (...). Yten una masera de amasar y dos hartesas pequeñas y un vaçio de salar carne, una criba y dos piñeirras, quatro çestos goxos y tres de arope pequeños. Yten una brosa y una fouze rozadoira*”, que haberían de utilizar os criados e xornaleiros empregados ó servizo da casa. Outros exemplos procedentes de casas fidalgas lucenses, algunha delas incluso con atribucións xurisdiccionais, relativamente próximas ás Nogais, e ás que xa nos temos referido noutras ocasións, serven para confirmar a hipótese de que non nos atopamos diante dun caso excepcional, entre elas: a Casa de Vilarxoán no Val de Lóuzara e a Casa de Vilanova de Moreda en Monforte⁸⁸. Pero incluso o prof. Pegerto Saavedra demostrou para a antiga provincia de Mondoñedo que, nesta área setentrional, as moradas fidalgas ofrecían incluso a mediados do XVIII o aspecto de poderosas casas de labranza⁸⁹, de xeito similar a como sucedía na comarca coruñesa de Arzúa-Melide⁹⁰.

Pero ademais, en Noceda debía haber un constante ir e vir de xentes diversas que acudían a abonar as rendas e as colleitas, ás cales debemos engadir ademais os ferróns de Bois e os hóspedes dos donos; ou simplemente individuos que precisaban solicitar gran ó fiado; cando non resolver diante da audiencia que se celebraba no mesmo pazo algún litixio orixinado dentro dos límites do couto⁹¹. Sen embargo, malia a ser por este motivo un claro punto de encontro propicio para o desenvolvemento da sociabilidade, os Ulloa Ribadeneira non deron mostras de arroupar con exceso de boato as súas aparicións públicas, tal como se desprende da escasa presenza de elementos procedentes da cultura material asociados ó mercado do luxo. Os datos procedentes do inventario *post-mortem* do señor Vasco Sánchez de Ulloa II non deixan lugar a dúbidas neste mesmo sentido.

⁸⁶ Ofrecendo, así, un aspecto, semellante –aínda que en absoluto idéntico- ó das residencias dos *fermiers* do Beauce durante o século XVII. Vid. CONSTANT, J.-M.: *La vie quotidienne de la noblesse française ...*, pp.219 e ss. Véxase tamén o aspecto que ofrecen as granxas da nobreza bretona nesta mesma centuria en NASSIET, M.: *Noblesse et pauvreté. La petite noblesse en Bretagne, XVe-XVIIIe siècle*, Bannalec, 1997, pp.220-222.

⁸⁷ PRESEDO GARAZO, A.: *Dueños y señores de casas, torres y pazos ...*, pp. 484-486.

⁸⁸ *Ibid.*, p.402.

⁸⁹ SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: *Economía, Política y Sociedad ...*, pp.576-579.

⁹⁰ PRESEDO GARAZO, A.: *Dueños y señores de casas, torres y pazos ...*, pp.242-243.

⁹¹ Xa tivemos ocasión de referirnos anteriormente a este aspecto, aínda que a partir do exemplo da Casa-Torre de Raíndo, en PRESEDO GARAZO, A.: “O luxo na fidalguía galega ...”.

TÁBOA 3. Tipoloxía dos obxectos asentados no inventario *post-mortem* do señor Vasco Sánchez de Ulloa II.

Tipos de obxectos	nº	%
Mobles	17	7,83
Arcas e cofres	12	5,52
Útiles de cociña	14	6,45
Servicio de mesa	52	23,96
Roupa de casa	69	31,79
Prendas e obxectos de uso persoal	13	5,99
Obxectos atesourados	2	0,92
Apeiros de labranza	38	17,51
TOTAL	217	100

Dun total de 217 obxectos contabilizados nas diversas partidas de bens, destaca en primeiro termo o número elevado de útiles do servicio de mesa, xunto cos de cociña, ademais dalgún que outro mantel e 16 panos de mesa que incluímos na sección de roupa de casa. Iso quere dicir que, cando menos á luz dos datos deste reconto, unha das cuestións que máis lle preocupa a estes fidalgos é todo o concernente á mesa do seu pazo. De feito, as tres vaixelas de fábrica de Talavera coas que se serven a cotío as comidas das que dan conta os donos, a súa familia, e mailos seus convidados, son dos poucos obxectos que, digámolo así, podemos considerar luxosos en setido estricto; ademais, os obxectos relacionados co servicio da mesa ocupan o segundo posto se atendemos ó número global de útiles, inmediatamente despois da roupa de casa.

Este último grupo de bens tampouco pasa desapercibido no reconto. Sobre todo se trata de roupa branca para os distintos leitos (sabas, mantas, cobertores, colchóns e cabezais) e para a presentación da mesa, tal como xa dixemos, mais non destaca precisamente pola súa calidade. Así, tan só merecerían ser destacadas, debido ó seu esmerado acabado, as dez almofadas labradas de seda e fío, mentres que o resto de obxectos foron manufacturados con tecidos máis toscos como a estopa, o lenzo e o saial.

O resto dos enseres, moito menos representados, non fan senón confirmar que tanto o luxo como a “cultura das apariencias”⁹² aínda están pouco desenvolvidas dentro do pazo, tal como se desprende, en primeiro termo, do escaso número de arcas e cofres, 12 en total, tres dos cales se empregan nas tarefas agrícolas e protoindustriais. Só seis arcas teñen chave, e unicamente hai un pequeno cofre onde seguramente se gardaba o diñeiro que se lle contabilizou ó señor Vasco Sánchez –200 rs.- e os dous únicos obxectos atesourados de que temos noticia: “*una taza de plata e un barquillo de plata*”. Pola súa banda, o mobiliario apenas consegue superar o número de arcas, e tamén se caracteriza pola súa miudeza e a baixa calidade na fábrica dos produtos declarados: “*seis bufetes buenos, y quatro caxones buenos, y quatro sillas de los asientos de cuero y espaldas de lo mismo. (...) Yten dos camas de paramentos. (...) Yten un hescaño de asentarse en el*”. Novamente a mesa do pazo volve estar sobrevalorada como evidencia a presenza de cadeiras; se ben é certo que tamén habería que destacar as dúas camas, que nos

⁹² É dicir, a roupa de vestir e obxectos de uso persoal, seguindo a terminoloxía aplicada por ROCHE, D.: *La culture des apparences ...*

están indicando o paulatino interese dos Ulloa Ribadeneira polo descanso e a intimidación, que acadará a súa maior expresión cen máis tarde cando se faga o novo inventario de 1724.

En todo caso, non aparecen mobles de fábrica de Moscovia, láminas pictóricas, tapices, nen grandes mobles elaborados con madeiras nobres, por non falar da ausencia de libros; polo que podemos concluir que “*las casas de morada en que bibian*” debían ofrecer á primeira vista un aspecto francamente modesto, aínda a pesar da reforma do inmoble que programou o propio difunto, pois entre as testemuñas do inventario figuran “*Diego de Lasota, maestro de canteria, e Francisco Gonzalez, // carpintero, estantes en el dicho lugar de Noceda travaxando en la obra que se haze en las casas e palacio de Noceda*”. Logo, distaba moito do aspecto que presentaban outros coñecidos pazos galegos do momento, como por exemplo o de Vistaalegre que posuían os Caamaño en Vilagarcía de Arousa, no que a cultura do luxo xa acadara uns niveis ben aceptables á altura de 1633⁹³.

Finalmente, no que respecta á roupa, o señor Vasco Sánchez de Ulla II tan só contaba con tres traxes que, tal como sucedía neste momento, se estruturaban a través da superposición de distintas prendas de vestir inicialmente independentes⁹⁴. Tiña, pois, tres xubóns, tres “*ropillas*”, tres capas, e un calzón que vestía cando debía aparecer cun aspecto máis digno que o habitual, pois era de seda, do mesmo xeito que un dos xubóns, unha “*ropilla*” e unha capa. O resto do seu reducido vestiario fora confeccionado a partir de tecidos máis bastos: liño, tela e pano.

Contaba, eso si, con “*una escopeta y una hespada y una daga de su persona*”. Estes útiles, e máis especificamente cada vez que o señor Vasco Sánchez portaba a espada, eran suficientes para resaltar aínda máis a súa recoñecida condición de fidalgo dentro dos límites comprendidos polo couto de Noceda, do cal el era o seu señor, e seguramente o veciño máis rico.

APÉNDICE DOCUMENTAL

1623, setembro, 24 e 25. Noceda.

Inventario *post-mortem* de Vasco Sánchez de Ulloa Ribadeneira, señor do couto de Noceda.

AHPOu, CP, Casa do Castro, Noceda, caixa 43, Protocolos do notario Pedro Arias Fernández, ano 1623, s.f.

Ynventario e requento de los bienes que fincaron de Vasco Sanchez de Ulloa Rivadeneira cuyo fue el coto e jurisdiccion de Noceda.

En el lugar de Nocedal d' Arriva, a beynte e quatro dias del mes de septiembre del año de myll e seisçientos e beynte e tres años, en presencia de my, scrivano e testigos de yuso escriptos, Pedro Lopez de Herbon, merino e justicia en el coto e jurisdiccion de Noceda, dixo que por quanto Basco Sanchez de Ulloa e Rivadeneira, señor que havia sido ultimamente del dicho coto, se havia muerto e fallado y pasado desta presente vida

⁹³ BOUZA-BREY TRILLO, F.: art. cit.

⁹⁴ Vid. unhas consideracións sobre o vestiario da fidalguía galega no Antigo Réxime en PRESEDO GARAZO, A.: *Dueños y señores de casas, torres y pazos ...*, pp.504-512.

amanesçiendo para oy dicho dia, de que le constava por se haver hallado presente a su muerte, e porque d' el havian quedado bienes muebles e rayzes, hijos y herederos legitimos suyos e de doña Ynes de Valcazer, su muger, que son don Pedro de Ulloa Rivadeneira, su hijo mayorazgo, don Diego de Losada Ribadeneira qu' esta ausente en servicio de la condesa de Lemos, y don Francisco Parragues que esta en la villa de Monfforte, y don Antonio de Harmesto y Balcarcel que esta al presente en casa. Y porque los dichos don Diego de Losada e don // Francisco Parragues e don Antonio son menores de hedad de veynte e çinco años y algunos dellos mayores de catorze, para que en todo tiempo aya luz e claridad de los bienes del dicho deffunto, su padre de los dichos menores, ansi para hellos como para otra qualquiera persona que a hellos pretenda thener derecho e action, y porque al oficio de la justicia convenia hacer reqüento e ynventario de los dichos bienes, el dicho merino cunpliendo con lo qu' esta obligado y para lo hazer, hiso paresçer delante si a la dicha doña Ynes de Valcarçe, su muger del dicho defunto, e della recibio juramento en forma devida de derecho y hella lo hizo cumplidamente, e ausolviendolo declaro los bienes siguientes.

Primeramente, quatro bueis mansos de arada en casa.

Yten çiento e diez cabras y obejas en casa y en la ferraria.

Yten catorze caveças de puercos pequeños e grandes en casa y en la herreria.

Yten un quartago negro ensillado y enfrenado, y una mula ensillada y enfrenada.

Yten otros dos machos y dos rozines con sus aparexos de albarda que trabaxan en la herreria.

Yten catorze savanas de lienço y estopa.

Yten doze mantas de sayal biejas nuevas.

Yten seis cobertores e mantas fraçadas. Yten diez almohadas lavradas // de seda y de hilo.

Yten dos mesas de manteles delgados e anchos de vuffetes.

Yten çinco colchones y quatro caveçales enfundados.

Yten quatro cazos pequeños e grandes.

Yten dos paillas.

Yten quatro candeleros.

Yten dos servillas d' estaño.

Yten ocho harcajes pechados, los seis dellos con llaves e zerraduras.

Yten un cofre pequeño, y seis buffetes buenos, y quatro caxones buenos, y quatro sillas de los asientos de cuero y espaldares de lo mismo.

Yten tres azadas e tres picaños, y diez azadones de las biñas, y un carro, y tres calderas buenas e malas.

Yten una masera de amasar y dos hartesas pequeñas y un vaçio de salar carne, una criva y dos piñeras, quatro çestos goxos y tres de arope pequeños, una çesta de llebantar la mesa.

Yten un almyrez con su mano.

Yten quatro asadores y quatro cuchares (sic) y quatro coberteras de hierro.

Yten dos camas de paramentos.

Yten dos jugos ataviados de toda hatavia y dos coros (sic) de timonçela de // carro. Los quales dichos bienes e cosas de suso declarados la dicha doña Ynes de Valcarçe declaro thener e haver quedado en su poder por bienes suyos e del dicho su marido, e que aunque ay otros bienes no esta acordada dellos por ahora, que hella se ynfformara de los que fueren y los declarara mañana o otro dia luego cada y quando por algunos dellos estan en la herreria y otros fuera de su casa, y que por oy no los puede declarar. Y ansi el dicho merino suspendio el proseguir en el dicho ynventario e reqüento en el entretanto que su merced la dicha doña Ynes de Valcarçe se ynfforma y toma razon çierta de los demas bienes que hai e quedaron del dicho deffunto, que protestava e protesto averiguar y proseguir adelante con el dicho ynventario hasta lo acavar e fenesçer, y la dicha doña Ynes de Valcarçe no lo firmo por no saber escribir, firmolo el dicho Pedro Lopez de Herbon, merino susodicho,

a lo qual fueron testigos presentes el bachiller Alonso Lopez, clérigo desta felegresia de San Juan de Nozeda, e Diego de Lasota, maestro de canteria, e Francisco Gonzalez, // carpintero, estantes en el dicho lugar de Nozeda travaxando en la obra que se haze en las casas e palacio de Nozeda que finco del dicho defunto, e Pedro Mendez de Castelo.

Passo ante my, Pedro Arias Fernandez (Rubricado), scrivano.

Mas ynventario de los bienes del dicho Vasco Sanchez de Ulloa Rivadeneyra.

E despues de los susodicho, en el dicho lugar de Nozeda d'Arriva, a veynte e cinco dias del dicho mes de septiembre del dicho año de mill e seisçientos e beynte e tres años, ant' el dicho Pedro Lopez de Herbon, merino susodicho, e por ante my, el dicho scrivano e testigos de yuso escriptos, la dicha doña Ynes de Valcarçe devaxo del dicho juramento que fiso. Y prosiguiendo en el dicho requēto e ynventario dixo e declaro mas que los bienes que han venido mas a su noticia quedaron del dicho su marido e suyos de que al presente tiene memorial y se acuerda son los seguintes:

La dicha herreria nueva de Bueis de que atras ba fecho mynçion con sus herramientas, barquines y todos adereços nesçesarios, moliente e corriente.

Yten dentro della çien cargas de carbon poco mas o menos. //

Yten alguna vena carretada que de çierto no save quanta cantidad sera.

Yten siete u ocho caveças de bueis e vacas fuera de casa y quarenta caveças de rexe-los poco mas o menos en cassa de criadores.

Yten çien fanegas de pan centeno de renta savidas poco mas o menos.

Yten la mytad del benefiçio y padronazgo de San Juan de Nozeda, sus diezmos gruesos e menudos.

Yten tres harcas en la casa de la herreria y las casas de lagares, una de piedra y es donde se haze el hierro y bodega, y un molino hedefficado en la dicha herreria, digo junto della, de una rueda que aun no muele por no hestar acabado.

Yten unos molinos en el rio de Sancuyo e otro en el regato do Bao molientes e corrientes.

Yten quarenta fanegas de pan de cojeta (sic) y labrança poco mas o menos.

Yten una dozena de fanegas de trigo de cojeta, digo nueve fanegas.

Yten las casas de morada en que bibian y hella al presente bibe en el dicho lugar de Nozeda con sus huertas, har//boles, cortiñas y heredades sitas en el termino del dicho lugar de Nozeda.

Yten dos ropillas de paño bueno del cuerpo del defunto.

Yten tres capas, dos de paño y una de seda, y calzon e ropilla de seda.

Yten tres jubones, uno de tela e otro de seda e otro de lienço, digo de picote.

Yten una hescopeta y una hespada y una daga de su persona del defunto.

Yten otras quatro mesas de manteles.

Yten una viña y un lagar en el dicho lugar donde dicen Nogaredo.

Yten una brosa y una fouze rozadoira.

Yten tres dozenas de platos y escodillas de Talavera poco mas o menos.

Yten una taza de plata e un barquillo de plata.

Yten quatro feixes de lino por maçar y adereçar.

Yten montara y restara la media dezmeria de pan y trigo y cebada e abenas del benefiçio confforme al arriendo que hizo el cura de lo que le tocava de su mytad duzientas // e çinquēta fanegas.

Yten quatro cazolas de guisar de comer.

Yten las cortiñas de Castrelo entran en la renta savida que va declarada.

Yten ocho puercos de fuero que se pagan cada año.

Yten diez y seis serbilletas de serbiçio de la mesa alamaniscas e de las otras hordinarias.

Yten un hescaño de asentarse en el.

Yten duzientos reales en dinero poco mas o menos porque aunque quedo mas dinero gasto y busco por ello lo necesario para sus obsequias, entierro, honras y zera y otras cosas.

Los quales dichos bienes e cosas de suso declaradas la sobredicha doña Ynes de Valcarçe declaro heran los que havian fincado al tiempo del falesçimiyento del dicho su marido, suyos e della, e que al presente no se le acuerda de otros algunos e que si se le acordaren los declarara e maniffestara delante el dicho merino o otro juez competente para que se pongan por reqüento e ynventario, y ansi lo declaro so cargo del dicho juramento que fiso. Y en ello dixo que se affirmava e affirmo, ratifficava e ratifico, e no lo firmo porque dixo no saver escribir, firmolo el dicho merino de su nonbre e dio por fecho el dicho // ynventario siendo a hello testigos presentes Diego de Lasota, residente en el dicho lugar de Nozeda, y Pedro Mendez de Castelo, y el bachiller Alonso Lopez, cura de San Juan del dicho lugar e felegresia de Nozeda atras contenidos, e otros.

Passo ante my, Pedro Arias Fernandez (Rubricado) scrivano.

Ocupeme en este ynventario con el camyno de yda y buelta a my casa dos dias con l' asistencia que hize en hazerlo con el dicho merino que no me taso mys derechos porque no los rescibi y los quite, de que doy fee.

Arias Fernandez (Rubricado), scrivano.